

Calros Silvar
Debuxante-Ilustrador
Tlf. 696 476 956
info@calrossilvar.com
www.calrossilvar.com

BOSQUEXOS DE CAMPO


2012



BOSQUEXOS DE CAMPO

1.1 _ Introducción


- Un bosquexo é un apontamento esquemático, máis ou menos rápido que recolle, con relativa precisión, os riscos esenciais do suxeto observado.



BOSQUEXOS DE CAMPO

1.2 _ Introducción


- Cuns poucos trazos o bosquexo tenta captar a esencia do que observamos: O xesto característico, a actitude corporal, as peculiaridades físicas, un determinado comportamento.



BOSQUEXOS DE CAMPO

1.3 _ Introducción

- O bosquexo non é, porén, unha ilustración definitiva, aínda que, ás veces, poda detallar polo miúdo aspectos concretos do modelo.



BOSQUEXOS DE CAMPO

1.4 _ Introducción


- O bosquexo permítenos acadar con medios limitados e sinxelos, un registro persoal e de primeira man, moi útil para o naturalista.



BOSQUEXOS DE CAMPO

1.5 _ Introducción

- Complementa as observacións efectuadas, enriquecéndoas e achegándolles fiabilidade.



BOSQUEXOS DE CAMPO

1.6 _ Introducción

- A realización de apontamentos do natural desenvolve a nosa capacidade de observación e exercita a nosa retentiva.



BOSQUEXOS DE CAMPO

2.1 _ Materials

- Non é necesario un gran despregue de medios para realizar apontamentos do natural, realmente podémolos facer cun sinxelo lápis, ou co mesmo bolígrafo que utilicemos para as nosas anotacións de campo.
- Os esbozos en branco e negro abundan para a maioría dos nosos rexistros.




BOSQUEXOS DE CAMPO

2.2 _ Materiais

- No caso de querer usar a cor, podemos aplicar con lápises, que alén de ser o método máis limpo e sinxelo, é tamén o máis cómodo polo escaso peso e espazo que requiren.

- A acuarela é outro medio axeitado para tomar apontamentos a cor, mais esixe certa habelencia e ofício, alén dun equipamento máis caro e incómodo de empregar.



BOSQUEXOS DE CAMPO

2.3 _ Materiais

- Podemos utilizar lápises de grafito de diferentes durezas: A letra **B** indica que a mina é mol e o **H** que é dura, a numeración que acompaña á letra indica o grau de dureza, (maior canto máis alto o número): 1B, 2B, etc. ou 1H, 2H...
- Os lápises HB teñen unha dureza intermedia.
- Contra máis dureza da mina, menor gama de grises acadaremos, mesmo limita a intensidade do negro.
- Os máis duros empréganse para debuxo técnico e os brandos para o artístico.
- Podemos empregar tamén portaminas (tamén de diferentes durezas), e barras de grafito



BOSQUEXOS DE CAMPO

2.4 _ Materiais


- Os lápises a cor permiten un gran nivel de detalle e son limpos e fáciles de usar.
- No caso de querer darlle ao noso debuxo un aspecto máis pictórico, podemos empregar os lápises acquarelábles.
- Ao noso dispor hai tamén lápises grasos ou de pastel, moi brandos e cubrintes e que non permiten detallar moito.



BOSQUEXOS DE CAMPO

2.5 _ Materiais

- A tinta é unha técnica máis difícil que o lápis, porén o seu uso dános máis seguridade, precisión e rotundidade no trazo.
- Podemos empregar prumas recargábles (de cartucho), como as Rotring ou Osmiroid, rotuladores de bola (Ball Pentel), de punta fina, de bisel ou tipo pincel (MarsGraphic) ou sinxelamente "bolígrafos", que teñen unha grande versatilidade e permiten unha ampla gradación tonal, usados con maña.
- Cada aparello vains dar un efecto diferente, así que habemos escoller o máis acaído ao noso gosto ou temperamento.



BOSQUEXOS DE CAMPO

2.6 _ Materiais


- A acuarela vénlese en pastillas (cadradas ou rectangulares-as redondas son para uso escolar-), tubo ou líquida (Ecoline ou similar) que son máis axeitadas para usar no estudio.
- É unha técnica máis complexa, que non imos tratar neste curso de iniciación, pero que é moi utilizada pola facilidade de transporte (hai caixiñas especiais para o seu emprego campeiro), inmediatez de uso e brillantez no resultado.



BOSQUEXOS DE CAMPO

2.7 _ Materiais

- Outro elemento importante é o soporte a empregar: O papel.
- Evidentemente vai ter que axeitarse á técnica que utilizemos.
- Podémolo adquirir en cadernos ou solto, polo xeral en láminas.
- Os cadernos axéitanse á toma de apontamentos de campo, pois teñen unha base ríxida.
- A calidade do papel depende da súa composición (polpa de madeira, reciclado ou de trapo de algodón) e do seu gramaxe (groso, expresado en gramos).
- Debemos ter en conta tamén o tipo de superficie: lisa, satinada ou rugosa.



BOSQUEXOS DE CAMPO

2.8 _ Materiais

- Un papel Basik ou o Cartridge, como mínimo de 100 g, é axeitado para un uso tanto para lápis como para tinta, ou mesmo soaves lavados de acuarela.

É un papel liso non satinado.

Para traballos “intensivos” con acuarela, e para artes finais, é necesario empregar papeis de maior calidade, o máis brancos posible e libres de ácidos (que o fan amarelecer co tempo).

- Tanto o papel industrial (textura regular) como o artesanal (trama irregular e borde esfiañado) teñen unha cara correcta de uso, indicado pola marca de auga que deixan ver ao trasluz.




BOSQUEXOS DE CAMPO

3.1 _ Técnicas de expresión

- Cando debuxamos trazamos liñas. Na gramática do debuxo, o ponto e mais a liña son os elementos básicos, o abecedario, cos que se constrúe a “frase”, o debuxo.

- A liña pode ser contínua e de grosor mais ou menos constante, elaborada cun trazo controlado (racional)...
ou ben discontinúa e de grosor variable, de trazo espontáneo e fresco (intuitiva).


- Á primeira chamámoslle liña de contorno. É unha liña reflexiva, analítica, que define con precisión as formas, e a empregamos na realización de ilustracións científicas.



BOSQUEXOS DE CAMPO

3.2 _ Técnicas de expresión


- Á segunda chamámoslle liña xestual ou expresiva. É unha liña espontánea, solta, graduada en intensidade, e que reflicte o temperamento do autor asociándose, por elo, coa expresión artística.



BOSQUEXOS DE CAMPO

3.3 _ Técnicas de expresión



- Cos puntos e liñas podemos representar elementos tridimensionais nun plano bidimensional e mesmo suxerir sensacións, ou describir conceptos abstractos.
- Con eles tamén podemos criar texturas, ilusión de volúmen e perspectiva, podemos reproducir ambientes de luz e sombra.
- O único límite é a nosa pericia, a nosa capacidade de observación.



BOSQUEXOS DE CAMPO

3.4 _ Técnicas de expresión


Liñas rectas, curvas, quebradas, onduladas, verticais, horizontais, oblíquas, raiado miudo, reticulado, angulación diversa do trazo, ponteados máis ou menos densos, etc. son recursos que nos abren posibilidades expresivas.



BOSQUEXOS DE CAMPO

3.5 _ Técnicas de expresión


- As limitacións expresivas veñen dadas polas nosas propias eivas físicas: A nosa vista, por boa que sexa, non nos permite ralentizar o movemento e iso é a única vantaxe da fotografía con respecto ao debuxo.



BOSQUEXOS DE CAMPO

3.6 _ Técnicas de expresión

- A nosa única posibilidade, certamente subxectiva e limitada, é exercitar a nosa capacidade de observación (análise do que ollamos) e de retentiva, (memorización do observado).



BOSQUEXOS DE CAMPO

3.7 _ Técnicas de expresión

- Tamén é importante adestrámonos nas técnicas debuxísticas e no coñecemento anatómico, para ser quén de comprender mellor a arquitectura e o funcionamento estrutural dos seres vivos.

- Estes catro aspectos son os elementos básicos para realizar axeitadamente bosquexos do natural.



BOSQUEXOS DE CAMPO

3.8 _ Técnicas de expresión


- Moitas veces fixarémonos só en aspectos parciais do motivo (a cabeza, as patas, a postura ...).
- Todo elo será un valioso documento de cara á identificación precisa ou á realización dunha ilustración final.



BOSQUEXOS DE CAMPO

3.9 _ Técnicas de expresión

• Moitos apontamentos de campo son a síntese dunha observación máis ou menos prolongada, na que se capta ao modelo en diferentes poses, ou mesmo resulta de observar diferentes individuos en tempos diversos.



BOSQUEXOS DE CAMPO

3.10 _ Técnicas de expresión


- Podémonos exercitar observando obxectos estáticos durante certo tempo e logo pasar a debuxalos de memoria.



BOSQUEXOS DE CAMPO

3.11 _ Técnicas de expresión

- Observar e memorizar diferente poses: tentar reproducilas



BOSQUEXOS DE CAMPO

3.12 _ Técnicas de expresión



BOSQUEXOS DE CAMPO

3.13 _ Técnicas de expresión



BOSQUEXOS DE CAMPO

3.14 _ Técnicas de expresión



BOSQUEXOS DE CAMPO

3.15 _ Técnicas de expresión



BOSQUEXOS DE CAMPO

3.16 _ Técnicas de expresión



BOSQUEXOS DE CAMPO

3.17 _ Técnicas de expresión

- No bosquexo tentaremos captar:
 - 1 A actitude corporal do modelo.
 - 2 As características físicas e as proporcións anatómicas.
 - 3 Aspectos da súa conducta.




BOSQUEXOS DE CAMPO

4.1_ Forma e Proporción

- Todas as formas, naturais ou artificiais, teñen unha estructura interna e unha relación de tamaño-volúmen entre os elementos que as compoñen: É o que chamamos proporción.


- É importante comprender a estrutura orgánica do suxeto que observamos, para podelo debuxar sen erros ou incoherencias, por iso é importante familiarizarnos coa súa anatomía.



BOSQUEXOS DE CAMPO

4.2 _ Forma e Proporción

- O primeiro paso é encaixar o modelo no papel e trazar as liñas mestras ou de dirección, a xeito de guías que nos marcan a dirección ou ángulo que forman entre sí os elementos constitutivos do modelo.
A este proceso chamámolo encaixe.



OLLO: Estes primeiros trazos efectuarémolos premendo suavemente, apenas rozando o papel, só para situar o modelo no papel e para ir suxerindo as posicións entre cada elemento.


BOSQUEXOS DE CAMPO

4.3 _ Forma e Proporción

- O seguinte paso é captar a relación de tamaño entre os elementos que estruturan o modelo: Tamaño do peteiro con relación á cabeza e desta con relación ao corpo... e así sucesivamente.
É o que chamamos proporcionar.

- As formas, por complicadas que sexan, podémolas reducir a elementos xeométricos básicos que nos axudan na súa análise, e isto é o que imos facer: Abstraer as complexas formas naturais e sintetizalas en elementos xeométricos básicos, mas, iso si, tentando reflectir a relación de tamaño e volume que hai entre eles (proporción)

OLLO: Estes primeiros trazos efectuarémolos premendo lenemente, apenas rozando o papel, só para insinuar a feitura do modelo e para suxerir as proporcións entre cada elemento.



BOSQUEXOS DE CAMPO

4.4 _ Forma e Proporción




BOSQUEXOS DE CAMPO

4.6 _ Forma e Proporción



BOSQUEXOS DE CAMPO


4.7 _ Forma e Proporción



BOSQUEXOS DE CAMPO

4.8 _ Forma e Proporción

- Na maioría das ocasións os bosquexos de campo non pasarán de sinxelos trazos que recollen sintéticamente a información que nos pareceu esencial mas, ás veces, podémonos recriar co modelo (por permanecer estático) e, daquela, poderemos empregar métodos máis precisos de observación e análise...




BOSQUEXOS DE CAMPO

4.9 _ Forma e Proporción

- Unha vez bosquexada a estrutura e proporcións entre os elementos do modelo, pasamos a afinar a relación entre as partes.

- Para comparar uns elementos cos outros escollemos un módulo de referencia, un elemento que nos serve de unidade de medida.



- A lonxitude do módulo escollido trasladámola sobre os demais elementos (en vertical e horizontal), comparando a súa dimensión coa dos outros elementos.



BOSQUEXOS DE CAMPO


4.10 _ Forma e Proporción

- Unha vez relacionados os elementos entre sí e co todo, ubicamos e perfilamos con máis exactitude os detalles.
- Para referenciar as formas, trazamos liñas de referencia verticais e horizontais imaxinarias, a xeito de trama, que relacionen e ubiquen cada parte con relación ao resto.



BOSQUEXOS DE CAMPO

4.11 _ Forma e Proporción




- Un exemplar ferido ou morto pódenos servir para tomar medidas exactas que nos han axudar posteriormente.

- A observación de exemplares nese estado tamén nos axuda a nos familiarizar con detalles da súa anatomía.

BOSQUEXOS DE CAMPO

4.12 _ Forma e Proporción

- É importante relacionar os elementos do corpo entre sí, tanto en canto ao seu tamaño-volúmen como en canto á súa posición relativa, pois de nada serve unha proporción axeitada entre eles se o debuxo percébase deformado ou pouco realista, ao amosar elementos desartellados.



BOSQUEXOS DE CAMPO

4.13 _ Forma e Proporción



BOSQUEXOS DE CAMPO

4.14 _ Forma e Proporción



BOSQUEXOS DE CAMPO

4.15 _ Forma e Proporción



BOSQUEXOS DE CAMPO

5.1 _ Valoración Tonal

- A realidade é que percibimos o entorno a traveso de variacións tonais, dunha gradación infinda de matices que varían segundo a súa proximidade ao foco de luz, a súa calidade superficial (brillante, satinada, mate; lisa ou texturada..) e a súa ubicación con respecto a nós.

- A luz define as formas e revela a cor e textura dos obxectos. No mundo real non pecebimos os obxectos perfilados por unha liña... O debuxo non deixa de ser un convencionalismo, unha abstracción:



BOSQUEXOS DE CAMPO

5.2 _ Valoración Tonal

- A técnica pictórica do craroescuro, desenvolta no Renacemento, modela as formas a partires da luz e a sombra, sen intermediación de liñas.
- Se prescindimos da información de cor, captaremos mellor a gama tonal.
- A gama tonal é a gradación de tons grises antre o branco (lúz máis intensa) e o negro (ausencia de lúz) que observamos no modelo
- Á comparación da gama de grises dun determina-do modelo, chamámoslle valoración tonal.
- Podemos *valorar* mellor se entornamos un chisco os ollos, pois reducimos a amplitude da gama tonal.



BOSQUEXOS DE CAMPO

5.3 _ Valoración Tonal



BOSQUEXOS DE CAMPO

5.4_ Valoración Tonal

- Podemos definir obxectos a traveso da valoración tonal, mas para iso debemos adestrar a nosa vista con exercicios específicos.

- A intensidade da luz é determinante na gama tonal dunha escea, que pode estar en clave alta (cando dominan os tons claros e hai, polo xeral, un alto contraste), clave media (cando son os tons intermedios e os baixos contrastes os sobranceiros) e clave baixa (contraste baixo e tons medio-baixos a escuros).




BOSQUEXOS DE CAMPO

5.5_ Valoración Tonal

- Hai que exercitar a vista, para captar lenes variacións tonais, e a man, para poder reproducilas no papel.




- Exercitármonos tamén para definir obxectos a traveso da gradación tonal.
- O ton máis craro ubícase no ponto de incidencia da luz, e arredor hai unha gradación de tons medios, de craro a escuro. A sombra define a forma do obxecto.



BOSQUEXOS DE CAMPO

5.6_ Valoración Tonal

- Ao analizar un obxecto ou unha escea, primeiro comprobamos a dirección da luz dominante, a ubicación dos tons altos (máis craros) e os baixos (escuros).
- Habemos ter en conta que a luz máis intensa que imos ter no debuxo é o propio branco do papel, e o negro máis denso dependerá do medio que empreguemos para debuxar.



BOSQUEXOS DE CAMPO

5.7_ Valoración Tonal



BOSQUEXOS DE CAMPO

5.8_ Valoración Tonal



BOSQUEXOS DE CAMPO

6.1_ Métodos de representación: Perspectiva.

- A visión humana é binocular, o que quere dicir que non percebimos exactamente o mesmo por cada ollo (*disparidade retinal* ou *paralaxe*), e esta combinación das dúas imaxes (*stereopsis*) provoca a visión estereocópica, que o cerebro interpreta en termos de profundidade e distancia.

- Para reproducir este efecto e representar o mundo tridimensional nun soporte bidimensional, a humanidade siviuse de moitos artificios.



BOSQUEXOS DE CAMPO

6.2_ Métodos de representación.

- A Perspectiva é unha técnica que nos permite representar o contorno tridimensional nun soporte plano, de xeito que percebimos a mesma impresión de escala, distancia e posición relativa que observamos nos obxectos reais. Baséase nunha série de convencionalismos que teremos en conta:
- Perspectiva liñal: As liñas paralelas semellan converxer no horizonte.
- Diferenza de escala: Os obxectos lonxanos semellan máis pequenos que os próximos.
- Oclusión: Os obxectos próximos ocultan aos máis lonxanos ubicados por trás.
- Gradiente de textura: As texturas semellan máis densas canto máis lonxe as vemos.
- Sombras: Os obxectos máis arredados da fonte de luz, vense máis escuros e con menor contraste.
- Perspectiva aérea: Os obxectos lonxanos vense menos definidos e contrastados, máis esluídos de cor, e tinxidos de azul pola refracción atmosférica.



BOSQUEXOS DE CAMPO

6.3_ Métodos de representación: Perspectiva aérea



BOSQUEXOS DE CAMPO

6.4_ Métodos de representación: Perspectiva aérea



BOSQUEXOS DE CAMPO

7.1 _ Proceso • Encaixe e proporción.



BOSQUEXOS DE CAMPO

7.2 _ Proceso • Mancha de cor / Valoración tonal.



BOSQUEXOS DE CAMPO

7.3 _ Proceso • Afinar Valoración tonal-gama cromática.



BOSQUEXOS DE CAMPO

7.4 _ Proceso • Acabado, afinar formas e detallar.




BOSQUEXOS DE CAMPO

7.1 _ Caderno de campo

- Un dos instrumentos esenciais do naturalista (coa oportuna guía de identificación ou os binoculares) é o seu caderno de campo.

- O caderno é a memoria do naturalista, o rexistro persoal das súas observacións e impresións.

- Nel recóllense citas, bosquexos, esquemas, itinerarios, horarios, comportamentos...e todo canto nos poda resultar de interese.



BOSQUEXOS DE CAMPO

7.2 _ Caderno de campo

- Basicamente o caderno debe recoller os seguintes datos:

Data.

Hora de observación do evento.

Lugar.

Tempo atmosférico.

Características do contorno.

Esquemas-Mapas

Especies observadas.

Número de exemplares.


Actividade e comportamento.

Singularidades observadas.

Outras circunstancias...

30405 Cecebre (pareceta cos do curso de ilustr.)

- Samarullo paranco 1 exp. por fronte do autóm, a medio do encoro
- Samarullo pequeno trinando pola ribeira
- Mitato queimado 1 exp. Bandancas en ^{vs}
- Alavanco ♂ en chacara formada polo desbordamento do encoro (nível mei d'lo: sulaga o camino de 'Grendes 2')
- Galivola negra id.
- Anderiña c. (bandas pz)
- Bilurico baibón 2 exp. ribeira Grendes 1
- Panulo ?? 1 exp. nadando na chacara onde o Alavanco ♂. De menor tamaño que este e menor esquivo (posibelmente dos panulos 'seuicauésticos' do 'Bosque')



- Mitato queimado con pesa, Grendes 1 voado cara punta do riño.

BOSQUEXOS DE CAMPO

© Calros Silvar, 2012

